



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Xuño 2021

ARQUITECTURA

## Restaurada a armadura de cuberta da capela da Corticela da catedral de Santiago

As obras de eliminación das goteiras da cuberta da capela da Corticela, realizadas por *Obras Gallaecia, S.L.*, supuxeron un investimento duns 155.000 €. Co obxecto de erradicar as humidades que se producían por fallos na estanquidade da cuberta, e que estaban a provocar danos nas fábricas e no interior do inmoble, repúxose con tella cerámica. Ademais, restaurouse a armadura de cuberta de madeira, obra de Pons Sorolla nos anos 60, en colaboración coa Dirección Xeral de Patrimonio.



Tamén se realizaron traballos de limpeza dos paramentos da fábrica granítica, eliminación de recrecidos de formigón, reparación de carpinterías metálicas, unha nova instalación eléctrica, restauración de elementos de valor artístico e patrimonial, reordenouse o altar e instalouse unha porta nova de castiñeiro.



## O Consorcio está a actuar no muro da Finca Simeón

O Consorcio de Santiago está a levar a cabo a reconstrución parcial do muro da entrada sueste da Finca Simeón, propiedade do organismo. Trátase dun muro de 2,5 metros de altura, que presenta un lixeiro desplome. Por motivos de seguridade, e co fin de evitar danos futuros, estase a desmontar e montarase de novo para corrixir o problema. As obras foron adxudicadas a *Belenus-Natur, S.L.U.* por valor de 13.934,71 €.

PUBLICACIÓNS

## Exposición homenaxe ao ourive Julio Lado na Casa do Cabido

A Casa do Cabido acolle a exposición "*Lado, unha saga de ourives composteláns*", unha homenaxe ao ourive Julio Lado como derradeiro e máximo expoñente dunha saga familiar dedicada á ourivaría con forte enraizamento en Compostela desde o século XIX. Comisariada por Chus Iglesias e María Gómez, ademais de pezas únicas e de enorme valor artístico, reúnense ferramentas moi antigas e os debuxos orixinais das obras, realizadas con técnicas centenarias en perigo de desaparición. A exposición pode visitarse de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas, e os domingos de 11:00 a 14:00 horas.



MÚSICA

## Luz Casal cantará coa Real Filharmonía de Galicia na Praza do Obradoiro

A Real Filharmonía de Galicia vai realizar cinco concertos este verán. O 9 de xullo, dirixida por Paul Daniel e co polliinstrumentista Abraham Cupeiro, tocará na igrexa da San Martiño Pinarío. Cupeiro interpretará varias pezas integradas no seu disco "*Os sons esquecidos*", gravado coa RFG para Warner Classics, empregando instrumentos milenarios creados por el.



En colaboración co "*Xacobeo 21-22*", Luz Casal cantará xunto á RFG algúns dos temas máis emblemáticos da súa carreira. Será na Praza do Obradoiro, o 21 de xullo. O aforo será de 1200 persoas e, ademais, retransmitirase vía streaming. As entradas xa están esgotadas.

A Praza da Quintana acollerá o concerto do 25º aniversario da orquestra, o 29 de xullo; será unha gala lírica na que se contará coas voces do tenor Pene Pati e da soprano Amina Edris. Xa en agosto, a RFG participará no Festival Hércules Brass de Celanova, o día 6, co mestre Maximino Zumalave e o tuba Sérgio Carolino. E, como broche ao verán, o 12 de agosto tocará no Festival Internacional de Santander xunto ao trompetista Pacho Flores.